

## PROCEDEMENTO DA FASE DE RESULTAS

As prazas vacantes ás cales se pode optar en fase de resultas publicaranse cada día ás 15.00 horas na páxina web <https://xuventude.xunta.gal>, de luns a venres, excepto festivos.

As prazas ofertadas cada día só se poderán solicitar ese mesmo día entre as 16.00 horas e as 21.00 horas; non se terán en conta as solicitudes de actividades que non figuren na lista de prazas vacantes do día de presentación da solicitude, ou presentadas fóra do referido horario.

As solicitudes das prazas de resultas presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo II).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Logo da presentación da solicitude asignarase un número de expediente que poderá consultarse na epígrafe "A miña sede" da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>

Só se admitirán as solicitudes presentadas entre as 16.00 e as 21.00 horas, para as prazas publicadas ese mesmo día.

As prazas de resultas adxudicaranse por orde de recepción de solicitude.

Se unha persoa xa ten adxudicada unha praza en calquera das fases do procedemento (sorteo, fase de reserva ou fase de resultas) non poderá resultar adxudicataria dunha nova praza en fase de resultas se non renuncia á praza previamente adxudicada. No formulario de solicitude a persoa representante declarará que o/a menor solicitante ten adxudicada unha praza en calquera das fases do procedemento (sorteo, fase de reserva ou fase de resultas) e renuncia a ela no caso de resultar adxudicataria da nova praza solicitada en fase de resultas.

A reserva de praza deberá facerse de maneira individual, para unha única persoa solicitante.

Cada solicitante poderá solicitar, como máximo, tres quendas de campamento, por orde de preferencia, sempre que reúna o requisito de idade para todas as solicitadas. No caso de solicitar máis de tres quendas de campamento, só se terán en conta as tres primeiras.

Unha vez comprobada na aplicación informática a dispoñibilidade da praza solicitada, asignaráselle esta á persoa interesada e comunicarase a adxudicación mediante correo electrónico ao enderezo indicado na solicitude, que disporá dun prazo máximo de dous días hábiles para presentar a documentación relacionada no artigo 8 da Orde do 30 de marzo de 2026, indicada neste enlace (apartado "Anexos. Fase de adxudicación").

<https://xuventude.xunta.gal/accion-de-veran/campamentos-anexos>

A documentación **debe presentarse a través da sede electrónica** (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á epígrafe "A miña sede" da persoa interesada, elixindo a acción "**Documentación complementaria para a adxudicación**".

No caso de non resultar adxudicatario de ningunha das prazas solicitadas, comunicaráselle esta circunstancia mediante correo electrónico ao enderezo indicado na solicitude.

A renuncia a unha praza obtida na fase de resultados, que deberá realizarse dun xeito expreso a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, accedendo á epígrafe "A miña sede" da persoa interesada, non implicará en ningún caso a recuperación doutra praza previamente renunciada.